# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2021/3 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 26 de marzo de 2021 |
| **Duración** | Desde as 13:30 ata as 15:00 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

| APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 24/02/2021. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |



Begoña González Pedregal (1 para 2)
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 06/04/2021
HASH: 567121f86601f53738f59bc1f9c4a338

rocio lopez garcia (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 06/04/2021
HASH: 3138d77e67743bc51523075352b99a94

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 37

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e catro de febreiro o dous mil vinte e un (24/02/2021), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 259/2020. SOLICITUDE LICENCIA URBANÍSTICA Dª HILDA LOUREIRO MASEDA. AMPLIACIÓN VIVENDA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada Dª. HILDA LOUREIRO MASEDA con NIF.****6968G, con domicilio no lugar de Nogueiredo núm.1, parroquia de Santo Adrao, con data 14/01/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 68 para a realización dos traballos consistentes en AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR sita no lugar de Nogueiredo 1- parroquia de Santo Adrao, na parcela con Referencia Catastral 27027C006017810000DG e edificación con Referencia Catastral 002101600PJ41A0000IB, na zona de policía do Rego do Río Batán, para o que acompaña proxecto básico de data Xaneiro/21, redactado polo arquitecto D. Carlos Centenera Baños, Colexiado núm. 597 do COAG.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 12/03/21 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural- Área de tolerancia.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- A parcela na que se encontra a edificación obxecto de ampliación, ten unha superficie de 8.842,00 m²., dos cales, 2.157,62 m² encóntranse dentro da área de tolerancia de núcleo rural e os restantes, 6.684,38 m² en solo rústico de protección agropecuaria. As obras solicitadas están emprazadas dentro da área de tolerancia de núcleo rural e polo tanto non é necesario solicitar informe á Consellería de Medio Rural.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 37

De acordo co disposto no artigo 40 da Lei 2/2016 nas edificacións tradicionais permítese a realización de ampliación incluso en volume independente sen superar o 50% do volume orixinal e sen superar os 7 m. de altura de cornixa e neste caso non se superan os 7 metros de altura de cornixa e o volume da ampliación, 172,85 m³, non supera o 50% do volume orixinal que é de 696 m³.
- Previo ao inicio das obras, deberanse entregar proxecto de execución e os oficios de dirección da execución material da obra e coordinación visados polo Colexio Oficial correspondente
- O proxecto básico considerase documentación completa e suficiente para comprobar o alcance das obras a realizar, é dicir se se axustan á normativa de aplicación de acordo co disposto no artigo 353 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia.
- O inmoble encóntrase na zona de afección de Augas e conta co informe favorable do Servicio de Augas, Expediente DH.W27.71491 de data 21/10/2020 no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 37

indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.
7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.
8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.
B.-PARTICULARES:
1.- As obras solicitadas consisten na execución de obras de ampliación dunha vivenda existente no predio con referencia catastral 27027C006017810000DG , no lugar de Nogueiredo, na parroquia de Santo Adrao de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo). Segundo a documentación achegada, a ampliación da vivenda ocupará unha superficie en planta de 52 m2.
As obras executaranse a unha distancia mínima duns 71 m. Da marxe dereita do rego Batán,na súa zona de policía de leitos.
2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nás máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso expedita.
3.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas na zona de servidumes de leitos, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.
4.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.
5.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de seren necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara os leitos.
6.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se depositarán materiais, residuos ou calquera material contaminante no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 37

7.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais  cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes  (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).
8.- Os residuos xerados durante a actuación deberán xestionarse de acordo coa lexislación vixente.
9.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.
10.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos nin na zona de fluxo preferente, e preferentemente fora das zonas inundables.
11.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica, ambiental e estrutural elixidas.
12.- Ínstase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoproteción fronte a enchentes da súa vivenda segundo a Lei 17/2015 de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunidade Autónoma.
13.-Lémbraselle que, no caso de non estar a vivenda conectada ás redes municipais de saneamento, se se producisen vertidos á rede hidrolóxica  ( subterránea o superficial) susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia.
Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento , lémbraselle que virá obrigado a tramita-la correspondente  concesión ante Augas de Galicia, ou, segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 37

disposición legal.
14.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.
15.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.
16.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar oitocentos sesenta e sete euros con trinta e catro céntimos (867,34) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en vinte e oito mil novecentos once euros con dezasete céntimos (28.911,17.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 339/2020. SOLICITUDE LICENCIA D. ALEJANDRO GAVÍN AENLLE, SUBSTITUCIÓN CUBERTA DE ALPENDRE**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por D. ALEJANDRO GAVÍN AENLLE, con NIF. NÚM.****9960A, con domicilio no lugar de Redondelo, núm.1 (Santo Adrao - Lourenzá), con data 30/06/, sendo rexistrada de entrada con el núm. 1193 para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA DE ALPENDRE en vivenda sita no lugar de Redondelo núm.1, parroquia de Santo Adrao, con Referencia Catastral 000601300PJ40G0001YS para o que se acompaña presuposto explicativo das obras a realizar.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 37

1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 11/03/21 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas consisten na demolición da pizarra actual, limpeza de vigas actuais e substitución dos cangos que estean deteriorados, colocación de pizarra rústica 50-70 e canalón. Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita proxecto técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento nove euros con trinta e dous céntimos (109,32) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil seiscentos corenta e catro euros (3.644,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 340/2020. LICENCIA URBANÍSTICA D. ALEJANDRO GAVÍN MARTÍNEZ. COLOCACIÓN PLAQUETA BEIRARRÚA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada D. ALEJANDRO GAVÍN MARTÍNEZ, con NIF. NÚM.****8712C, con domicilio en Redondelo núm. 15 (Santo Adrao - Lourenzá), con data 30/06/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 1209, para a realización dos traballos consistentes en <u>COLOCACIÓN DE PLAQUETA ANTIDESLIZANTE EN BEIRARRÚA EXTERIOR</u> en vivenda sita no lugar de Redondelo núm.15, parroquia de Santo Adrao, con Referencia Catastral 27027C008022790001FJ para o que acompaña presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 37

restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 25/02/21 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Núcleo Rural- Área de influencia.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas consisten na colocación de plaqueta antideslizante en toda a beirarrúa actual, realizar dous pasos de escala que ten a beirarrúa con plaqueta, colocación de zócalo no perímetro da vivenda, estas obras pola súa escasa complexidade non necesita proxecto técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento dezanove euros con vinte e cinco céntimos (119,25) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en tres mil novecentos setenta e cinco euros (3.975,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 26/2020. SOLICITUDE LICENCIA URBANISTICA D. JOSE VENTOSO IGLESIAS, DEMOLICIÓN NAVES E ADECUACIÓN PARCELA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por D. JOSÉ VENTOSO IGLESIAS, con domicilio en Pazo de Tovar núm. 2 (Santo Tomé-Lourenzá) con NIF. NÚM.****5572Z, con data 13/01/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 2020-E-RC-163, para a realización dos traballos consistentes en OBRAS DE DEMOLICIÓN NAVES EN DESUSO E ADECUACIÓN DE PARCELA 1544, sitas en Pazo de Tovar, parroquia de Santo Tomé, nas parcelas 1544 e 1543 do polígono 6 de Lourenzá Sur, con Referencias Catastrales 27027C006015440000DS e 27027C006015430000DE, na marxe dereita do Rego Albarón e no trazado do Camino Norte-Ruta da Costa e no contorno de protección do BIC do Castelo de Tovar, bens integrantes do Catálogo das Normas Subsidiarias Municipais, para lo cual se acompaña Memoria( sin visar) de fecha Diciembre 2019, redactada por la arquitecta Dª. Mayte Vidal Lourido, colegiada núm.4088 del COAG

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 37

ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 11/03/21 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo non Urbanizable de Protección Agropecuaria.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas consisten en tres intervencións:
1.- Desmontaxe de 4 naves en desuso de 41 m X 3,7 m. de estrutura vertical e cuberta de madeira.
2.- Limpeza manual da vexetación de escasa entidade e o desmontado de dous tramos de muro de bloque de formigón na parte posterior da parcela.
3.- Adecuación da parcela: desbroce, limpeza, arado e fresado e plantar parte da parcela delimitando a citada parcela con hileras de vides, ou calquera outro frutal e na parte posterior da parcela a plantación de carballos autóctonos , ou ben de outra especie con similares características.
- Estas obras pola súa escasa complexidade considéranse obras menores e non necesita proxecto técnico.
- Cumpriranse as condicións impostas na Resolución emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Consellería de Cultura e Turismo, de data 15/04/2020, Expediente 2020/146 CNC, no que se AUTORIZA, literalmente ”as actuacións contidas na memoria para demolición de naves en desuso e acondicionamento parcela que afectan ás parcelas 1543 e 1544 do Pazo de Tovar (parroquia de Santo Tomé), de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 que son:

“Valórase positivamente as obras que axudan a conseguir pouco a pouco unhas condicións arquitectónicas e paisaxísticas adecuadas dos ámbitos culturais protexidos.

En xeral:

a)Para o arranxo e reposición do muro de peche de cachotería utilizarase materiais e tipoloxía do propio muro.

b) De atoparse lousados ou outros elementos que puidesen ter interese dende o punto de vista cultural, comunicarase a DXPC que proporá as medidas protectoras e correctoras pertinentes.

c) A maquinaria que se empregue será axeitada á sección das vías de acceso ao recinto das actuacións.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 37

d)Retiraranse todos os restos de obra a lugares debidamente autorizados."

- Obra no expediente Resolución emitida en sentido favorable polo organismo autónomo de Augas de Galicia, *Expediente DH. W27.70042*, de data 24/09/2020, no que constan as seguintes condicións xerais e particulares que se enumeran literalmente:

A)XERAIS:

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 37

licenza municipal de obras.

B) PARTICULARES:

1.- As obras solicitadas consisten na demolición de naves en desuso e adecuación do terreo nos predios con referencia catastral 27027C006015430000DE e 27027C006015440000DS, no lugar de Pazo de Tovar, na parroquia de Santo Tomé de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

Os traballos que se executarán son os seguintes:

a) Intervención 1: desmonte de naves en desuso. As naves están formadas por estrutura vertical e de cuberta de madeira, con gaiola metálica e cuberta formada por pranchas onduladas e lonas de plástico sen ningún sistema de suxeición mecánica. Trátase de 4 naves de dimensión en planta de 41 x3,7 m2.

b) Intervención 2: limpeza manual de vexetación de escasa entidade e da eliminación de hedras que invaden os muros de cachotería que delimitan a totalidade do predio. Aseguraranse as pedras dos muros que se atopan en risco de caída e procederase ao desmontado dos tramos de muro de bloque de formigón existentes na parte posterior da parcela e que desvirtúan a continuidade do sistema construtivo de muros delimitadores de cachotería.

c) Intervención 3: adecuación do terreo do predio procedendo á roza, limpeza arroteado e fresado sen proceder ao movemento de terras profundo, suficiente para conseguir unha superficie na que prantar céspede e finalmente prantar parte do predio:

-Proponse delimitar unha zona orientada ao sur, con fileiras de vide ou ben, calquera outra frutal como manciñeiras e perais, especies que non alcancen gran porte e altura, para evitar que impidan a visión do ben catalogado.

- Na parte posterior do predio, en liña coa zona delimitada pola vide, proponse a plantación de carballos autóctonos, ou ben outra especie de similares características.

2.-A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.

3.- O cartel será colocado fora da zona de servidume de leitos públicos.

4.-Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin con andamios nin se vadearán.

5.- Non se executará corta de exemplares de especies arbóreas salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de bacía.

6.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas polo



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 37

*que as obras executaranse en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais cara os leitos.*

7.-*Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteración na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*

8.-*Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón, cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.*

*9.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais,establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación e do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das aguas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*

*10.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares.*

*11.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do inmoble, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos, zona de fluxo preferente e zonas inundables.*



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 37

*12.- Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo promotor.*

*13.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.*

*14.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*15.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar PRÓRROGA con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*

*16.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."*

- Figura no expediente informe do Servicio de Infraestruturas Agrarias de Lugo, da Dirección Xeral de Desenrolo Rural da Consellería de Medio Rural, de daya 12/02/2020, e no que literalmente se informa: "As actuacións pretendidas de demolición de naves en desuso e acondicionamento da parcela, non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador, interese fundamental deste servizo, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo non existe impedimento para a execución das obras solicitadas."
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trescentos nove euros con setenta e catro céntimos (309,74) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dez mil trescentos vinte e catro euros con setenta e catro céntimos (10.324,74.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 37

**Expediente 126/2021. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA INSTALACIÓN TERRAZA D. VICTOR MANUEL PENEDO DÍAZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constituen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 26/10/2016 que se transcribe:

"Dª ROCIO LOPEZ GARCIA, Alcaldesa Presidente do Concello de Lourenzá, á vista do informe emitido por D. Francisco Francisco Damián Pérez Rodríguez, Arquitecto Técnico Municipal relativo á solicitude para instalación de terraza exterior en Travesía da Mariña, 12- Pq. Santa María (Lourenzá) instada por D. Victor Manuel Penedo Díaz, que se transcribe textualmente:

*"Título: Informe sobre Licencia urbanística para instalación de terraza exterior con toldo en Travesía da Mariña, 12 – Pq. Santa María (Lourenzá)*

*Autor: Francisco Damián Pérez Rodríguez*

*Data de elaboración: 4 de marzo de 2021*

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

Vista y examinada la documentación presentada por D. Victor Manuel Penedo Diaz en relación con ocupación de espacio público para instalar terraza con toldo , na r/Travesía da Mariña, n.º 12 , de 48 m², a instalar ao longo do mes de marzo do ano en curso, emito el siguiente:

INFORME:

1.- NORMATIVA URBANISTICA DE APLICACIÓN

Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal de Lourenzá.

Suelo Urbano – Zona PEPRI

2.- PLAZO DE OCUPACION:

Ao longo do mes de marzo de 2021

3.- PRESUPUESTO DE EJECUCION MATERIAL DE LAS OBRAS:

- Ocupación de vía pública para instalación de terraza con toldo de 48 m²

4.- LIMITACIONES O RESTRICCIONES ESPECÍFICAS:

La ocupación se realizará sin afectar la calzada ni la acera ni vados existentes, exclusivamente en la zona de aparcamiento y previo replanteo por personal municipal.

5.- OBSERVACIONES

Como conclusión a lo expuesto se informa favorablemente la concesión de la licencia solicitada.

Documento firmado al margen en la fecha indicada"

Esta Alcaldía en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,

VEN EN RESOLVER:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 37

1º.- Autorizar a D. Victor Manuel Penedo Diaz para a ocupación de espacio público coa finalidade de instalar terraza con toldo , na r/Travesía da Mariña, n.º 12 , de 48 m², a instalar ao longo do mes de marzo do ano en curso.

2º.- Notificar a presente Resolución a D. Victor Manuel Penedo Díaz, para o seu coñecemento.

3º.- Dar conta da presente Resolución a primeira Xunta de Goberno Local que se celebre para a súa ratificación.

Mandouno e asínao a Sra. Alcaldesa Presidente en Lourenzá a catro de marzo de dous mil vinteún."

**Expediente 82/2021. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA D. DAVID SANESTEBAN MACEIRA, INSTALACIÓN DE GRÚA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constituen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 22/02/2021 que se transcribe:

"Dª. Rocío López García, Alcaldesa -Presidenta do concello de Lourenzá, a vista da solicitude presentada por D. David Sanesteban Maceira, en representación da Diócesis de Mondoñedo Ferrol; con enderezo en Domus Eclesiae , Ferrol , e no que insta autorización para cortar a r/ Muiñodo Frade, por un prazo dun mes, coa finalidade de instalar a grúa e colocar 50 m de andamio, para levar a cabo os traballos urxentes da cuberta provisional do Mosteiro de San Salvador, que contan coa correspondente licenza municipal ( expte. 576 72020) , e á vista do informe favorable do Arquitecto Técnico Municipal de data 19 de febreiro do ano en curso; esta alcaldía RESOLVE:

1º/.- Autorizar a D. David Sanesteban Maceira , en representanción da Diocésis de Mondoñedo Ferrol, para cortar a r/ Muiño do Frade coa finalidade de instalar a grúa e colocar 50 m. de andamio, para levar a cabo os traballos urxentes da cuberta provisional do Mosteiro de San Salvador, por un prazo dun mes contado a partir da data da presente Resolución.

2º/.- A devandita autorización queda suxeita as seguintes limitacións:

a) Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade das persoas, animais e cousas.

b) Deberá quedar un espazo de 0,80 m. de ancho como mínimo para o paso peatonal debidamente protexido.

c) Será obrigatoria a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo do ángulo saliente da valla.

3º/.- Ratificar a presente Resolución da primeira Xunta de Goberno que seleve a cabo.

Mando e asino electrónicamente a presente Resolución en Lourenzá a vintedous de febreiro de dous mil vinteún."



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 37

**Expediente 109/2021. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA D. RUBEN GONZÁLEZ CANCELAS**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constituen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 26/02/2021 que se transcribe:

"Dª. Rocío López García,Alcaldesa -Presidenta do concello de Lourenzá, á vista da solicitude presentada por D. Rubén González Cancelas , en representación da empresa Ingeniería, Instalaciones, Diseño y Desarrollo ,con enderezo en Pol. Industrial Espiritu Santo, 15650 Cambre ( A Coruña), e no que insta autorización para ocupar 30 m² na r/Travesía da Mariña, á altura do número 9 ; para levar a cabo os traballos de retirada de mobiliario frigorífico vello e colacación de novo mobiliario no establecemento comercial Gadis, os días 2, 3, 4, 9,10 e 11 de marzo de 2.021; e á vista do informe favorable do Arquitecto Técnico Municipal de data 25 de febreiro de dous mil vinteún de do ano en curso; esta alcaldía RESOLVE:

1º/.- Autorizar a D. Rubén González Cancelas, en representación da empresa Ingeniería, Instalaciones , Diseño y Desarrollo , con enderezo en Pol. Industrial Espiritu Santon para ocupar 30 m² na r/Travesía da Mariña, á altura do número 9; para levar a cabo os traballos de retirada de mobiliario frigorífico vello e colacación de novo mobiliario no establecemento comercial Gadis , sendo o plazo de ocupación tal e como se recolle no devandito informe do Arquitecto Técnico un día comprendido entre o 2, 3 e 4 de marzo de 2021 e outro día comprendido entre o os días 9, 10 e 11 de marzo de 2021.

2º/.- A devandita autorización queda suxeita as seguintes limitacións:

a) Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade das persoas, animais e cousas.

b) A ocupación afectuará a un carril da mencionada R/Travesía da Mariña, sendo obrigatoria a instalación de vallas de sinalización e debendo a empresa solicitante designar unha persoa responsable para a ordenación dotráfico.

3º/.- Ratificar a presente Resolución da primeira Xunta de Goberno que se leve a cabo. Mando e asino electrónicamente a presente Resolución en Lourenzá a vinteseis de febreiro de dous mil vinteún."

**Expediente 57/2021. PECHE E LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2020.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o expediente de Liquidación do Presuposto deste Concello



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 37

correspondente ó exercicio do 2020 e tendo en conta o informe emitido pola Secretaría -Intervención, en cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da Lei citada, en materia presupostaria,
Visto a base núm.54 do último presuposto aprobado na que atribúese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da Liquidación del Presupuesto municipal, previo informe de la Secretaría- Intervención, e previo Informe de Evaluación del Cumplimiento del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria e Informe de Evaluación del Cumplimiento de la Regla de gasto.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA.
PRIMEIRO.- Aprobar, de conformidade co disposto na Base de Execución núm. 54 do Presuposto, a LIQUIDACIÓN do Presuposto Municipal deste Concello correspondente ó exercicio de 2020, de acordo co seguinte resume de resultados:

| A) | RESULTADO PRESUPOSTARIO | EUROS |
|---|---|---|
| 1 | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | 2.176.142,48 |
| 2 | OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS | 2.031.766,39 |
| 3 | RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2) | **144.376,09** |
| 4 | DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO | 2.948,12 |
| 5 | DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO | 4.900,53 |
| 6 | RESULTADO AXUSTES | -1.952,41 |
| 7 | GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE | 0,00 |
| 8 | RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS | 0,00 |
| 9 | RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7) | 142.423,68 |
| B) | REMANENTE DE TESOURERÍA | |
| 1 | (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO | 740.731,08 |
| | De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente | 426.928,27 |
| | De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados | 313.645,89 |
| | Doutras operacións non Presupostarias | 156,22 |
| 2 | (-)OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO | 214.839,40 |
| | De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente | 158.118,65 |
| | De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados | 0,00 |
| | De Outras Operacións non Presupostarias | 56.720,75 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 37

| | | |
|---|---|---|
| 3 | (-)PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN | -216.376,11 |
| | (-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva | 216.376,11 |
| | (+)Pagos realizados pendentes aplicación definitiva | 0,00 |
| 4 | (+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA | 1.456.881,14 |
| I | REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4) | 1.766.396,71 |
| II | EXCESO GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO | 4.900,53 |
| III | SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | 130.674,47 |
| IV | REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III) | **1.630.821,71** |

1.A.-CUMPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 180.202,92 Euros.
1.B.-CUMPRE (aínda que no sexa obrigatorio) co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 19.703,65 Euros.

1.C.- CUMPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a 145.488,84 Euros, o que supón un 7,3% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da última liquidación practicada correspondente ao ano 2019, que ascenden a 1.991.189,44 euros, así como o 8,32% da Recadación Líquida a 31/12/2020 que ascende a 1.749.213,51 euros.
1.D.-O Período Medio de Pago Anual(4º trimestre 2020) que é de 5,89 días, ESTÁ DENTRO do establecido.
SEGUNDO.- Desta liquidación darase conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que celebre. En cumprimento do disposto no artigo 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o 90.2 do Real Decreto 500/1990 , de 20 de abril.
TERCEIRO.- Achegar copias da presente liquidación á Administración do Estado, a través da plataforma informática da Oficina virtual das Entidades Locais e á Comunidade Autónoma, a través da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
CUARTO.- Unha vez que se aprobe polo Pleno do Concello, a Conta Xeral, que deberá obterse no seu momento en base a esta liquidación, enviarase copia da mesma, a efectos da preceptiva fiscalización externa, ó Consello de Contas de Galicia, debendo estar a disposición deste Organismo cantos documentos e xustificantes integran a referida Conta e Liquidación.

**Expediente 175/2021. SUBVENCIÓN IGUALDADE E PREVENCIÓN**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 37

**VIOLENCIA XÉNERO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto da Orde do día, pola concelleira delegada de servicios sociais deuse conta do contido da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade de 02/03/2021 *pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida e se procede a súa convocatoria para o ano 2021* (DOGA. Núm. 49 de 12/03/21) e unha vez estivo ó tanto a Xunta de Goberno Local e á vista do proxecto presentado polos servizos sociais do concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde de 2 de marzo do 2021 (DOG. núm. 49 de 12 de marzo de 2021) *pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida e se procede a súa convocatoria para o ano 2021*,unha subvención por importe de CINCO MIL OITOCENTOS OITENTA EUROS (5.880,00.-) IVE INCLUÍDO, con destino, de conformidade coa Orde citada, a actividades para o PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, INFORMACIÓN E DIFUSIÓN SOBRE IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES , e que ven a supoñer o 100% do costo das actividades programadas, incluíndose as seguintes actividades a desenvolver entre os alumnos (3 a 12 anos)do CEIP Juan Rey do Concello de Lourenzá:

| ACTUACIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER | PERÍODO |
|---|---|
| Obradoiros cine coeducativo (20 sesións) | Outubro-Novembro 21 |
| Obradoiros de teatro coeducativo (11 sesións) | Outubro-Novembro 21 |
| Obradoiros de baile coeducativo (4 sesións) | Outubro-Novembro 21 |
| Obradoiros de radio coeducativa (21 sesións) | Outubro-Novembro 21 |

SEGUNDO.- Comprometerse, igualmente e no caso de que se conceda a axuda económica, ó cumprimento das obrigacións contidas na Orde ó abeiro da que se solicita a subvención.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura dos documentos e realización de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo




Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 37

| **Expediente 155/2021. ESCRITO FEGAMP CONVENIO VIXILANCIA E CONTROL VESPA VELUTINA 2021.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, visto o contido do Convenio asinado entre a Xunta de Galicia, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) *para a coordinación de actuacións non desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina),* sendo as cláusulas do mesmos as que a continuación se transcriben literalmente:

*"CLÁUSULAS.*

*Capítulo Primeiro.- Disposicións Xerais.*

*Primeira.- Obxecto do Convenio.*

*O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.*

*Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.*

*Segunda.- Ámbito de aplicación subxectivo.*

*O presente convenio é de aplicación para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades Locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*

*Terceira.- Adhesión ao convenio.*

*O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral tanto das entidades locais xa adheridas dende o ano 2020 que se relacionan no Anexo I como das novas entidades locais interesadas en adherirse relacionadas no Anexo II coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa Velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.*

*As entidades locais dos Anexos I e II deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do Anexo III no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.*

*Cuarta.- Modificación do Convenio.*

*A modificación do presente convenio requirirá  a conformidade da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Federación Galega de Municipios e Provincias.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 37

*Quinta.- Duración do Convenio.*

*O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro do 2021, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.*

*Sexta.- Resolución do Convenio.*

*O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.*

*Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.*

*Capítulo Segundo.-Obrigas de Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Sétima.- Coordinar a execución do programa.*

*A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa Velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:*

*1.- Potenciar o portal de internet "Eido local"(www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa Velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas Entidades Locais.*

*2.-Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás Entidades Locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa Velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.*

*3.-Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa Velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:*

*a)Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificación de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación httsp://www.controlvelutina.es/ mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración deste e organización para a súa retirada.*

*b)Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

*Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada de niños tales como as situadas en espazos no que a aplicación de insecticida de niños supoña un risco de explosión, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacias de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.*

*c)Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán con*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 37

*fin de evitar réplicas de avisos.*
*Capítulo Terceiro.-Obrigas das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran.*
*Oitava.- Facilitar a execución do programa.*
*Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as Entidades Locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométense a:*
*a)Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións da retirada de niños de forma que cando aí se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retiradas e eliminación de niños de Vespa Velutina a requirimento da Xunta de Galicia.*
*b)Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia.*
*c) Permitir a coordinación a través do portal de internet "Eido Local" (www.eidolocal.gal).*
*Capítulo Cuarto.- Obrigas da FEGAMP.*
*Novena.- Informar para facilitar a execución do programa.*
*Coordinarse coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vilixancia e control da Vespa Velutina da Xunta de Galicia.*
*Capítulo Quinto.- Seguimento do Convenio.*
*Décima.- Seguimento da execución do Convenio.*
*Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente e outros dous en representación da FEGAMP.*
*O seguimento da execución do presente convenio comprenderá: a observación da implantación e efectiva aplicación deste; a solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio; a coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio; as propostas de modificación do presente convenio; a elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.*
*Capítulo Sexto.-Financiamento.*
*Décimoprimeira.-Financiamento.*
*A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños de Vespa Velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.*
*Capítulo Sétimo.- Resolución de Conflitos.*
*Décimosegunda.- Natureza do convenio e discrepancias.*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 37

*O presente convenio ten natureza administrativa.*
*En especial, o Convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local(artigos 61 a 71) e ao resto da normativa que resulte aplicable.*
*As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio.*
*As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.*
*Décimoterceira.- Protección de datos de carácter persoal.*
*As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que de derroga a Directiva 95/46/CE(Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.*
*Décimocuarta.-Publicidade.*
*As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006 do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 a 45 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes das Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
Así, a Xunta de Goberno Local, coñecido o contido do citado convenio, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de LOURENZÁ de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506
Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 37

do citado convenio, asumindo as obriga e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.
SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura dos documentos e realización de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

| **Expediente 164/2020. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA, ADXUDICACIÓN "MELLORA NAVE RECINTO FEIRAL"** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 11/03/2021 que se transcribe:
"*Visto* o *expediente tramitado para as obras de* "MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL".
Visto que consta *no* expediente Resolución favorable do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 09/07/2020, polo que se comunica que este Concello resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro das subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios cofinanciadas con Fondo Europeo Agrícola de Desenrolo Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 da Consellería de Medio Rural por importe de corenta e dous mil oitocentos trinta e catro euros con cincuenta e oito céntimo (42.834,58) sobre un presuposto de sesenta e catro mil setecentos oitenta e sete euros con trinta e un céntimos (64.787,31.-).
Visto que pola Xunta de Goberno Local de data 23/07/2020 aprobouse iniciar o expediente de contratación e aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para que a obra se contratase por procedemento aberto simplicado.
Visto que se publicou o anuncio de licitación no perfil do contratante da páxima web do Concello de Lourenzá e na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia.
Vista a acta de apertura de proposicións na que consta que se presentaron as seguintes empresas:


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 37

| EMPRESA | PRESUPOSTO | IVE | TOTAL | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. | 39.437,27 | 8.281,83 | 47.719,10 | 50,00 |
| LUIS CASTRO CASAL | 40.157.42 | 8.433,06 | 48.590,48 | 47,44 |
| CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS S.L. | 40.259,16 | 8.454,42 | 48.713,58 | 47,08 |
| SERGONSA SERVICIOS S.L. | 40.550,00 | 8.515,50 | 49.065,50 | 46,05 |
| CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA S.L | 41.493,21 | 8.713,57 | 50.206,78 | 42,71 |
| GESTIÓN GRATELU S.L.U., | 41.604,98 | 8.737,05 | 50.342,03 | 42,31 |
| COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES S.L | 42.000,00 | 8.820,00 | 50.820,00 | 40,90 |
| MONTAJES METÁLICOS INGALUX S.L. | 42.663,98 | 8.959,44 | 51.623,42 | 38,56 |
| CONSTRUCCIONES SIERRA A PONTENOVA S.L.U. | 43.500,00 | 9.135,00 | 52.635,00 | 35,60 |
| ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.U. | 45.779,46 | 9.613,69 | 53.393,15 | 27,51 |
| GROMA OBRAS S.L. | 47.000,05 | 9.870,25 | 56.870,30 | 23,19 |




Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 37

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| J. NARAY S.L | 49.490,00 | 10.392,90 | 59.882,90 | 14,36 |
| SUNNE GALIZA S.L | 49.980,00 | 10.495,80 | 60.475,80 | 12,63 |

Esta Alcaldía en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,

VEN EN RESOLVER:

PRIMEIRO.- Adxudicar á Empresa NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.., con C.I.F. B36431021 con domicilio Polígono Industrial Lalín 2000, parcela B11 e na súa representación a Dª. María Oliva Fernández Hermo, con D.N.I. ****8077P a obra "MELLORA DA NAVE PRINCIPAL DO RECINTO FEIRAL", por importe de trinta e nove mil catrocentos trinta e sete euros con vinte e sete céntimos (39.437,27) e oito mil douscentos oitenta e un euros con oitenta e tres céntimos (8.281,83) correspondente o IVE o que supón un importe total de corenta e sete mil setecentos dezanove euros con dez céntimos (47.719,10).

SEGUNDO.- Dispoñer do gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente do vixente orzamento, sendo esta 450.619 do Estado de Gastos.

TERCEIRO.- Requerir a Nature Infraestructuras y Servicios S.L. para que proceda á constitución da garantía definitiva que supón o 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto do valor engadido, ascendendo por iso a mil novecentos setenta e un euros con oitenta e seis céntimos (1.971,86).

CUARTO.- Requerir a Nature Infraestructuras y Servicios S.L. para que proceda á presentación da documentación do apartado terceiro da declaración responsable presentada na licitación, punto 9.4 da cláusula novena dos pregos de cláusulas administrativas desta obra.

QUINTO.- Notificarlle ao adxudicatario do contrato a presente Resolución e citalo para a firma do contrato que terá lugar na Casa Consistorial no prazo máximo de quince días dende a notificación da presente Resolución.

SEXTO.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

SÉTIMO.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, para a súa aprobación polo Concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde ou director facultativo da obra Dª Marta Sánchez Seivane.

Despois de realizar este trámite procederase á acta de implantación



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 37

e inicio da obra.
OITAVO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación.
Mandouno e asinao a Sra. Alcaldesa Presidenta, Dª Rocío López García en Lourenzá a once de marzo do dous mil vinte e un."

**AUMENTO HORAS SAF DEPENDENCIA Dª.AMADA RIVAS LEITÓN.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista o informe técnico emitido pola Traballadora Social do Concello o 11/03/21, relativo a ampliación de horas no Servizo de Axuda no Fogar deste Concello a Dª AMADA RIVAS LEITÓN con D.N.I. ****2808Q con domicilio en Rúa Campo da Feira núm. 2, 1ºC pasando de 58 a 70 horas ao mes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a ampliación do servizo de "Axuda non Fogar" a Dª AMADA RIVAS LEITÓN, pasando a dispoñer do devandito servizo 70 horas ao mes polo cal lle corresponde abonar cento oitenta e tres euros con corenta céntimos (183,40) mensuais, que supón a 2,62 euros/hora.

**ALTA SAF DEPENDENCIA DE DONA MARINA VENTURA MARIÑO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. MARINA VENTURA MARIÑO con DNI. núm. ****8836T, con domicilio en Calvo Sotelo, 34, 1º da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. MARINA VENTURA MARIÑO de 42 horas ao mes polo que deberá abonar oitenta e dous euros con trinta e dous céntimos (82,32) mensualmente o que supón a 1,97 euros/hora segundo a súa capacidade económica.

**AUMENTO HORAS DEPENDENCIA DE Dª.Mª.ESTRELLA PEDREIRA**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 37

| **CAYEIRO.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación de 23/03/21 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. MARÍA ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO, con D.N.I. nº ****7693J, con domicilio en Arroxo núm. 3 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 46-70 horas/mes das que vai pasar a percibir 70 horas/mes, a través do sistema de dependencia, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de cento cincuenta e un euros con vinte céntimos (151,20.-) o que supón a 2,16 euros/hora, segundo a súa capacidade económica, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a moficación do servizo de “Axuda no Fogar” a Dª. MARIA ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO con una intensidad de 70 horas/mes.

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 37

| **Expediente 172/2021.BAIXA LIXO INDUSTRIAL Dª PILAR REGA PARDEIRO** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto escrito de Dª Mª JOSE HINOJAL RODRÍGUEZ con D.N.I. núm. ****5084L con domicilio a efectos de notificacións en Rúa Costa de Castro núm. 17, 4º I de Foz, que tivo entrada neste Concello con data 02-07-20 no que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos no local sito en Avda. da Mariña núm. 15 da Parroquia de Santa María dende o 30 de abril do 2018 por peche do negocio, sendo titular dos mesmos Dª LUCÍA GONZÁLEZ HINOJAL.
Visto escrito de data 18/03/21 de Dª PILAR REGA PARDEIRO con D.N.I. núm. ****6731E, con domicilio en Illa Nova núm. 17 de Foz, no que solicita a baixa no servicio de recollida de residuos sólidos urbanos no local sito en Avda. da Mariña núm. 15 da Parroquia de Santa María, por ser a titular do local e permancer pechado.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:
1º.- Autorizar a baixa de Dª Lucía González Hinojal no Padrón de recollida de resíduos sólidos urbanos en Travesía da María , con efectos do terceiro trimestre de 2020, data na que solicitou dita baixa.
2º.- Notificar o presente acordo a Dª Mª José Hinojal Rodríguez e a Dª. Pilar Rega Pardeiro aos efectos procedentes.

| **Expediente 139/2021. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA LIXO D. ROGELIO CARRERA IGLESIAS** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 389 de 26/02/21 subscrita por D. ROGELIO CARRERA IGLESIAS con D.N.I. núm. ****5079Y con domicilio en Rúa Santiago de Compostela núm. 90, 2º E de Madrid, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en O Castro, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de Dª. Juana Iglesias Pérez, e para que agora figure a nome de D. ROGELIO CARRERA IGLESIAS.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 37

solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

**Expediente 158/2021. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª SARA RODRÍGUEZ LÓPEZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 512 de 16/03/21 subscrita por Dª. SARA RODRÍGUEZ LÓPEZ con D.N.I. núm. ****8996M con domicilio en Casas Novoa núm. 4, 3º dereita da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Casas Novoa núm. 4, 3º dereita, que antes figuraba a nome de Dª. Mª Carmen López González, e para que agora figure a nome de D. SARA RODRÍGUEZ LÓPEZ.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

**Expediente 161/2021. CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª MARIA SOUTO CASTRO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 477 de 10/03/21 subscrita por Dª. MARÍA SOUTO CASTRO con D.N.I. núm. ****7951H con domicilio en A Covela núm. 4 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en A Covela núm. 4 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Abel Centeno Pedrosa, e para que agora figure a nome de Dª. MARÍA SOUTO CASTRO.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

**Expediente 169/2021. CAMBIO TITULARIDADE LIXO MAJOIZEN S.L.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** |



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 37

| | |
|---|---|
| | Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 528 de 18/03/21 subscrita por Dª Mª JOSE SANTE GARCIA, con DNI. Núm. ****9071B, con domicilio en Alaxe núm. 10 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, en representación de MAJOIZEN S.L. con C.I.F. B27473784, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Travesía da Mariña/ Esquina Fdez del Riego da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de ANGOBRAMA S.L. para que agora figure a nome de MAJOIZEN S.L. en Travesía da Mariña/ Esquina Fdez del Riego, Santa María.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2021.

**Expediente 163/2021. CAMBIO TITULARIDADE APERTURA "SUPERMERCADO" MAJOIZEN S.L.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito presentado por Dª Mª José Sante García, con D.N.I. Nº ****9071B en representación de MAJOIZEN S.L. con C.I.F. B42746222 con domicilio en Alaxe núm. 10 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, quen solicita o cambio de titularidade de establecemento dedicado a “SUPERMERCADO”, sito en Travesía da Mariña/Rúa Fernández del Riego, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal que ata agora figuraba a nome de ANGOBRAMA S.L. e para que figure a nome de MAJOIZEN S.L. para o que acompaña á solicitude copia da licenza de apertura de establecemento.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación presentada, así como o informe do Arquitecto Técnico Municipal D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 18/03/21, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou acceder ao devandito cambio de titularidade.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por licenzas de apertura de establecemento, cambio de titularidade segundo a cal deberá abonar dezanove euros con cincuenta e cinco céntimos (19,55.-).

**Expediente 78/2019. A.- CAMBIO TITULARIDADE VADO MAJOIZEN**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 37

**S.L. B.- BAIXA VADO D. SILVESTRE LLENDERROZOS BERMÚDEZ**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

**A.- CAMBIO DE TITULARIDADE VADO MAJOIZEN S.L.**
Visto o escrito presentado por Dª. Mª JOSE SANTE GARCIA, con DNI. Núm. ****9071B, con domicilio en Alaxe núm. 10 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, en representación de MAJOIZEN S.L. con N.I.F. B27473784, no que solicita o cambio de titularidade no vado que tiña concedido a nome de ANGOBRAMA S.L. en Travesía da Mariña/ Esquina Fdez del Riego, e para que figure a nome de MAJOIZEN S.L.

A Xunta de Goberno Local, á vista do escrito, por unanimidade, ACORDA:

Conceder o cambio de Titularidade de vado sito en Travesía da Mariña, Esquina Fdez del Riego s/n para que figure a nome de MAJOIZEN S.L.

**B.- BAIXA VADO D. SILVESTRE LLENDERROZOS BERMÚDEZ**
Visto o escrito presentado por D. SILVESTRE LLENDERROZOS BERMÚDEZ , con DNI. Núm. ****7758D, con domicilio en Avelino Montero Villegas, núm. 5 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, no que solicita a baixa do vado núm. 12 que tiña concedido en Praza César Chavarría.

A Xunta de Goberno Local, á vista do escrito, por unanimidade, ACORDA:

Conceder a baixa do vado núm. 12 de D. Silvestre Llenderrozos Bermúdez en Praza César Chavarría.

**Expediente 20/2020. SOLICITUDES DE BAIXA NOS POSTOS DE MERCADO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A.- BAIXA POSTO MERCADO D. JOSÉ DÍAZ SÁNCHEZ.-
Vista solicitude de 01/03/21 subscrita por D. JOSÉ DÍAZ SÁNCHEZ con D.N.I. nº ****5479L con domicilio en Viana do Castelo núm. 2, 3º A de



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 37

Lugo, na que solicita a baixa no posto de Mercado número 10.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda autorizar a baixa no posto de mercado nº 10 de D. JOSÉ DÍAZ SÁNCHEZ.
B).- BAIXA POSTO MERCADO D. JOSÉ ANTONIO VASCO HERNÁNDEZ
Vista solicitude de 01/03/21 subscrita por D. JOSÉ ANTONIO VASCO HERNÁNDEZ con D.N.I. nº ****0190X con domicilio en rúa Poeta Manuel María núm. 40 7E do Termo Municipal de Lugo, na que solicita a baixa no posto de Mercado número 22, con efectos do mes de febreiro de 2021.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda autorizar a baixa no posto de mercado nº 22 de D. JOSÉ ANTONIO VASCO HERNÁNDEZ

**LIQUIDACIÓN CENTRO DE DÍA 1º SEMESTRE 2021.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Visto o escrito de data 17/03/2021, rexistrado de entrada co núm. 549 de 23/03/21, achegado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e no que se comunica o importe correspondente á PRIMEIRA LIQUIDACIÓN SEMESTRAL/2021 do CENTRO DE DÍA, con núm. 189/2021, xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en réxime de cofinaciamento e segundo o cal ao Concello de Lourenzá corresponderíalle ingresar por dito período a cantidade de CINCO MIL (5.000,00.-) EUROS (4 prazas a 1.250,00 €/praza) de conformidade co disposto no artigo 69 e Anexo I da Lei 2/2017 de 8 de febreiro (DOG. Núm. 28 de 09/02/17) de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
As sete prazas e media corresponderían ós usuarios empadroados no concello onde se localiza o Centro de Día, tendo en conta a media de usuarios durante o ano natural inmediatamente anterior á data de liquidación. A cantidade de 1.250,00 Euros, correspondería coa metade da contía.
A Xunta de Goberno Local, unha vez informada pola Alcaldía e á vista da liquidación practicada polo Consorcio Galego, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDA:
Primeiro.- Aprobar a Liquidación núm. 558/2020 correspondente ó cofinanciamento do PRIMEIRO SEMESTRE 2021 do Centro de Día do Concello de Lourenzá por importe de CINCO MIL (5.000,00.) EUROS.
Segundo.- Achegar certificación do presente acordo ós servizos de



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 37

Tesourería para que se proceda ó pago do mesmo así como ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co correspondente xustificante do pago para o seu coñecemento e efectos oportunos .

**FACTURAS MARZO 2021.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| CONCELLLO DE BARREIROS CIF.P-2700500H | Febreiro/21 | Recollida lixo | 10.979,22 |
| GANDERÍA VIDARTE S.C. NIF.J27388693 | Núm. 512 de 28/02/21 | Traballos limpeza cunetas, tajeas e pistas e pala cadeas. | 4.704,48 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. 58 de 01/03/21 | Domingos, festivos e Sábados dependencia(79, 5 horas.) | 1.326,26 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. 59 de 01/03/21 | Incidencias Dependencia (123 horas) | 1.784,48 |
| **TOTAL** | | | **18.794,44** |

**ASUNTO URXENTE: ORDENANZA AUDIOGUIAS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Declarado o asunto urxente por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, pola



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 37

Alcaldía explicouse a necesidade de fixar uns prezos públicos para a utilización das audioguías e que estes foran similares ós dos concellos de Mondoñedo e Alfoz, posto que tamén dispoñían delas, e era importante que houbera un prezo unificado.
Visto o disposto no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
Visto que o Pleno do Concello, por acordo de 11 de xullo do 2019 , delegou na Xunta de Goberno Local todas aquelas competencias que expresamente lles atribúan as leis salvo as que requiran unha maioría especial.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar o TEXTO REGULADOR PARA O PREZO PÚBLICO E RÉXIME DO SERVIZO DE USO DE MATERIAL REPRODUTOR DE AUDIOGUÍAS PARA VISITAS TURÍSTICAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE LOURENZÁ , sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

Artigo 1.
Ao amparo do previsto nos artigos 41 do Real Decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais este concello establece a prezo público polo uso do material reprodutor das audioguías para a promoción turística e cultural de LOURENZÁ, que se rexerá pola seguinte ordenanza.
A actividade se enmarca dentro da competencia legalmente atribuída polo artigo 25, 2, h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, *información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

Artigo 2.
Están obrigados ao aboamento da prezo público regulada nesta ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades prestados eu realizados polo concello, a que se refire no artigo anterior, é dicir, quen solicite o alugueiro das audioguías turísticas do Concello de LOURENZÁ.

Artigo 3.
A contía da prezo público regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:
1.- Alugueiro de material reprodutor de audioguías para visitar os recursos de interese turístico e cultural municipal: Prezo do servizo por persoa: 2,00€
2.-Aplicaranse bonificacións especiais , que poderán chegar incluso á gratuidade do servizo, aos seguintes grupos:
- Menores de 12 anos.
- Grupos de visitantes de centros educativos.
- Todos aqueles que se considere necesario en caso de ter un especial valor social ou repercusión na promoción turística e cultural do concello, acreditando tal circunstancia o informe do responsable de área correspondente.

Artigo 4.
A obriga de aboamento da prezo público regulada nesta ordenanza comeza no intre no que o usuario solicita o uso dos servizos ou actividades especificados no



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 37

artigo anterior. O aboamento efectuarase cando a Oficina Municipal de Turismo facilite o material reprodutor da audioguía á persoa que o solicite.
Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, o servizo ou actividade non se preste ou desenrole, procederase á devolución do importe correspondente.
O responsable da Oficina Municipal de Turismo deberá efectuar informe sobre a identificación dos usuarios, datas, importe de recadación e calesqueira outras incidencias que poidan xurdir , con periodicidade mínima trimestral. Tal informa acompañará a conta xustificativa de recadación que será presentada á Tesourería Municipal, xunto co recadado, dentro dos primeiros quince días seguintes á finalización de cada trimestre natural.

Artigo 5.

A descarga da audioguía será gratuíta e farase desde un enlace á web municipal.
O aluguer do material (auriculares e tarxetas) levarase a cabo na Oficina Municipal de Turismo situada nos baixos da Casa Consistorial e durante o horario de apertura ao público establecido nese momento.
Poderán facerse reservas previas para grupos e/ou particulares a través dos medios habituais, sendo necesaria a confirmación por parte do concello para validar estas reservas.
Os grupos non superarán o 85% do total de dispositivos dispoñibles, salvo excepcións xustificadas .
Informarase claramente aos usuarios do funcionamento do servizo, así como das condicións de aluguer dos equipos, estando esta información tamén dispoñible en carteleiras na Oficina Municipal de Turismo, web municipal e demais medios nos que se informe sobre o servizo de audioguías. A sinatura do formulario de aluguer supón a aceptación destas condicións por parte do usuario.
Para o aluguer do material reprodutor de audioguías, os solicitantes deberán presentar o seu DNI na Oficina Municipal de Turismo e asinar un documento (Anexo I) facilitado polo Concello de LOURENZÁ no que figuren os datos persoais, hora e data e o compromiso de bo uso do citado material durante o tempo que dure o aluguer. Incluirase a correspondente cláusula de protección de datos.
O usuario comprométese a coidar o aparello e entregalo en bo estado, tal como o recibiu da Oficina Municipal de Turismo.
No caso de grupos, o responsable de dito grupo completará o formulario (Anexo II) co seu nome e apelidos, DNI, número de unidades entregadas e os seus códigos de identificación se é o caso, hora, data e sinatura, cláusula de protección de datos, responsabilizándose do material entregado e da súa devolución en correcto estado.

Artigo 6.

A duración máxima deste servizo será dunha hora e media (90 minutos) a partir da sinatura do formulario onde queda reflectida a hora de inicio do aluguer. Tendo en conta os horarios de apertura e peche da Oficina Municipal de Turismo as horas de devolución adaptaranse a ditos horarios e establécese un límite para realizar o aluguer de unha hora e media antes do peche da Oficina Municipal de Turismo.
As persoas que utilicen o material reprodutor das audioguías deberán entregar estas no mesmo lugar onde as recolleron antes de que acabe o tempo.

Artigo 7.

Este servizo, aluguer de material reprodutor de audioguías, cumprirá sempre a normativa vixente, especialmente no relativo a medidas de seguridade e hixiene para garantir o seu uso. Do mesmo xeito, os usuarios deberán seguir as instrucións específicas para cumprir cos protocolos de seguridade e hixiene



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 37

establecidos polas autoridades competentes. Estas medidas formarán parte da información que se da aos usuarios así como da cartelería e demais medios de difusión empregados.

Artigo 8.

A non devolución do material reprodutor por parte dos usuarios será considerada sustracción, será denunciado ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado .

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Acordo Regulador de Prezo Público, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia continuando a súa vixencia ata a súa modificación ou derrogación expresa.

SEGUNDO.- O TEXTO REGULADOR PARA O PREZO PÚBLICO E RÉXIME DO SERVIZO DE USO DE MATERIAL REPRODUTOR DE AUDIOGUÍAS PARA VISITAS TURÍSTICAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE LOURENZÁ, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co disposto no artigo 45.1.a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo."

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 4AFMGKS66SPKDYH6CREF74QEK | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 37